

Sophie Kovalevsky (Moscú, 1850-Estocolmo, 1891)



De familia rusa, con boa formación académica. Ao seu pai horrorizábanlle as mulleres sabias.

Foi membro da corrente nihilista. Casa para poder saír de Rusia, onde non podía seguir estudando Matemáticas.

Estuda en Berlín con Weierstrass, que a considera «o seu mellor alumno».

Fai tres teses de doutoramento, dúas de Matemáticas e unha de Astronomía.

Participa activamente na Comuna de París.

Grazas a Mittag-Leffer, consegue traballo na Universidade de Estocolmo, onde permanece ata a súa morte.

Publica, entre outros: *Sobre a teoría das ecuacións diferenciais* (no J. Crelle), *Sobre a rotación dun corpo sólido arredor do punto fixo* (Premio da Academia da Ciencia de París, 1888).

Honores: «O Día Sonya Kovalevsky», nos High School de EUA, é un programa da AWM que financia talleres para alentar ás nenas a explorar as Matemáticas.

«A conferencia Sonya Kovalevsky», patrocinada anualmente pola AWM, premia as contribucións máis significativas das mulleres en Matemática aplicada ou computacional.

«O cráter lunar Kovalevskaya» é nomeado así na súa honra.

A Fundación Alexander von Humboldt outorga o premio bianual «Sofia Kovalevskaya» a novas promesas da investigación de todos os campos.